



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA



ACTA DO XVII PREMIO JOSÉ COUSO DE LIBERDADE DE PRENSA

O XVII Premio José Couso de Liberdade de Prensa fállase logo de terse cumprindo un ano do inicio da pandemia que sacudiu ao mundo e cambiou a nosa forma de vida.

Neste último ano, quedou constancia da labor imprescindible que os e as xornalistas realizan. Durante o confinamento, as restricións e as novas normas, o labor do xornalista volveuse, se cabe, máis imprescindible que nunca ao ser o único nexo de unión entre a cidadanía e a realidade que estabamos a vivir.

Día a día, con peches, con aperturas, os e as profesionais da comunicación botáronse ás rúas para tratar de dar resposta a todas as preguntas que lle xurdían aos cidadáns ante unha situación de total incerteza.

A todos os impedimentos que xa de por si leva unha profesión maltratada coa precariedade laboral e os ataques á liberdade de prensa, houbo que incluír o risco sanitario dun virus que pouco ou nada sabíamos del. Pouco a pouco, e grazas ao labor dos e das xornalistas, conseguimos familiarizarnos co SARS-CoV-2, unha siglas que hai algo máis dun ano non significaban nada para nós, e das que agora temos máis información. Iso, en gran parte, conseguiuase a través do traballo dos e das profesionais da comunicación que tiveron que aprender, a marchar forzadas, que significa vivir en pandemia e como explicarlo á poboación que quintuplicou o consumo de contidos informativos.

A COVID-19 non supuxo a desaparición dos restantes atrancos aos que se enfrenta a profesión. Non podemos esquecer que precisamente este premio quere lembrar que José Couso e o ucraíno Taras Protsyuk foron asasinados mentres exercían e defendían o dereito a informar e a recibir información, e que por desgraza, iso non cambiou na pandemia. En 2020, Reporteiros Sen Fronteiras, documentou a morte de 50 xornalistas e o encarceramento de 387. No que vai de ano morreron 5 xornalistas e 295 permanecen no cárcere.

É por isto, polo que non nos cansamos ano tras ano de reivindicar e, sobre todo, non esquecer a figura do ferrolán José Couso e non deixar de lembrar que o seu asasinato e o de Taras Protsyuk segue a estar impune.

Hoxe fallamos unha nova edición, e xa van dezasete, do Premio José Couso de Liberdade de Prensa, tendo na memoria a todos e todas as xornalistas que co seu traballo garanten o dereito universal a recibir e dar información.

Ao longo destes anos, o espírito do premio queda representado polos premiados e premiadas, elixidos a través dos votos dos membros do Colexio de Xornalistas e do Club de Prensa: Ali Lmrabet (2005); *Le Monde Diplomatique* (2006); Jon Lee Anderson (2007); o finado José Vidal-Beneyto (2008); Rosa María Calaf (2009); Daniel Anido e Rodolfo Irigo (2010); WikiLeaks (2011); o Consejo de Informativos de TVE (2012); Mónica G. Prieto (2013); Marc Marginedas, Javier Espinosa e Ricardo García Vilanova (2014); Jordi Évole (2015); Miguel Angel Aguilar (2016); Xosé Andrés Vázquez Hermida (2017); Julia Otero (2018); #DefendeaGalega (2019); e Lorenzo Milá (2020)

Nesta edición concorreron catro candidaturas: a xornalista, activista e escritora mexicana **Lydia Cacho**; as informadoras bielorrusas condenadas recentemente a dous anos de cadea **Daria Chultsova e Katerina Bakhválova**; a **Plataforma na Defensa da Liberdade de Información**, que agrupa organizacións e persoas do ámbito xurídico, do xornalismo e dos movementos sociais; e **Manuel Rico**, actual director de investigación do InfoLibre, cunha longa traxectoria no xornalismo de investigación. Un ano máis, catro opcións merecedoras do galardón e recoñecemento do seu labor xornalístico.

O pasado martes 13 de abril ás 13.00 horas, nun acto que tivo lugar en Santiago de Compostela, procedeuse ao recuento dos votos emitidos. Esta operación foi supervisada e avalada polo señor notario **José Ignacio Feijoo Juarros**, do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, quen deixou fe do recuento na acta número **375** do seu protocolo.

Abertos os votos e recontados polo notario, este levantou acta da repartición dos mesmos entre as tres candidaturas que optaban ao galardón. Como consecuencia deste escrutinio, resultou vencedora, con maioría suficiente e sen necesidade de voto de calidade do presidente do xurado, a candidatura de **Manuel Rico**

A organización quere transmitirllle a súa felicitación ao xornalista gañador, con quen xa contactou para ver a mellor fórmula para facerlle entrega do premio.

E, para que así conste, asínase esta acta en Santiago de Compostela,
a de de 2021.

Darío Janeiro
Secretario do Premio José Couso